



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

# **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE A CAÑIZA PARA A HUMANIZACIÓN DAS RÚAS CARBALLEIRA E PROGRESO.**

### **1.- Competencia**

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

### **2.- Antecedentes**

A colaboración entre este departamento e o concello de A Cañiza, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo. Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2018 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

### **3.-Finalidade**

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de A Cañiza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

### **4.- Obxecto**

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de A





Cañiza, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “**Humanización das Rúas Carballeira e Progreso**”.

### **5.- Fundamentos do instrumento convencional**

O Concello de A Cañiza trata de promover unha actuación consistente na “**Humanización das Rúas Carballeira e Progreso**”.

As actuacións previstas consisten en acondicionar o viario existente co obxecto de adecuar as condicións de mobilidade, accesibilidade, humanización, conservación e mantemento necesarias para o fin proxectado.

As actuacións a levar a cabo para a execución da obra, serán as seguintes:

- Construción de beirarrúas no ámbito das rúas Carballeira e Progreso
- Sinalización: Marcas viarias en sinalización horizontal e vertical de tráfico para regular a incorporación do viario proxectado á estrada principal e a regulación de velocidade.
- Demolición de muro na rúa Carballeira con recuperación de materiais e construción de muro para deslindar a senda peonil existente cos terreos extremeiros.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018. María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

